

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN ESPAÑA SALUD DE VENEZUELA EN CARACAS COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO SANITARIAS E DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN VENEZUELA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Fundación España Salud de Caracas, Venezuela, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración co fin de contribuír á atención das necesidades sanitarias e domiciliaria ás persoas maiores da colectividade galega residente en Venezuela que necesitan da súa cobertura, por razóns de idade, dependencia e falta de recursos para afrontalas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación España Salud é unha entidade sen ánimo de lucro, radicada en Venezuela, cuxo obxecto é a prestación de asistencia sanitaria médico cirúrxica e farmacéutica ás persoas emigrantes españolas beneficiarias de pensións asistenciais, en particular a aquelas que se atopan en situación de precariedade económica, sen prexuízo de que a súa acción se estenda a toda a colectividade española; presta, ademais, o Servizo de Axuda a Domicilio (SAD) para asistencia a persoas en situación de dependencia co fin de atender as súas necesidades da vida diaria, dando cobertura a mais de 6.000 españois e españolas residentes en Venezuela entre os que figuran máis de 1.800 de orixe galega.

En Venezuela reside unha importante colonia de persoas de orixe galega (preto de 28.000 segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro de decembro de 2021) que, pola súa situación de carencia, sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria, situación actualmente agravada polas especiais circunstancias que se viven no país de residencia. É por isto que ambas as partes entenden que precisan da súa atención e que é necesario xuntar esforzos e exercer unha colaboración que permita dar cobertura á colectividade galega.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de



actividades, ao non ser posible promover a concorrência pública, ao amparo do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida da colectividade de emigrantes galegos e galegas residentes en Venezuela que, por cuestións de idade, presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal, por razóns de carácter social e humanitario

A Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía de setenta e cinco mil euros (75.000 €) para financiar as accións recollidas no convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración
Antonio Rodríguez Miranda

